

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 29/08/2024(<http://sede.vilagarcia.gal>)

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. CARLOS COIRA LOJO
DONA SONIA OUTON CASAL
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO
DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ
D. ALVARO CAROU GARCÍA
DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO
DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO
D. JESUS REY RODRIGUEZ
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO
D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ
DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO
D. JULIO VARELA CARDALDA
D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ
DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 29/08/2024, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 24 de xullo de 2024.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes xullo de 2024
3. Determinación, se procede, das festas de carácter local para o ano 2025
4. Aprobación, se procede, do prego de cláusulas administrativas (PCAP) que, como Lei do contrato, rexerá o procedemento aberto suxeito a regulación armonizada, tramitación ordinaria, mediante licitación electrónica, para adxudicar o contrato de servizos denominado “Servizo de Axuda no Fogar (SAF)” do Concello de Vilagarcía de Arousa
5. Aprobación, se procede, da Proposta da Alcaldía en relación co recurso de reposición interposto por PROINSA, contra o acordo do Pleno da Corporación Municipal de 20 de xuño de 2024, sobre a finalización do procedemento de liquidación, derivado da resolución do contrato de concesión administrativa de construción e xestión do servizo municipal de estacionamento subterráneo do Parking Xoan XXIII

6. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas
7. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do BNG, en relación coa subida do canon de SOGAMA e por un novo modelo de xestión de residuos
8. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do PP para instar ao Goberno Local a que apoie a transición democrática en Venezuela.
9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de EU de oposición á construción dunha nova fase do ferrocarril de acceso ao Porto.
10. Aprobación, se procede, da solicitude do grupo político municipal do PP de comparecencia de Dona Paola María Mochales, en calidade de Concelleira de Urbanismo e Mobilidade e presidenta do Comité de seguimento dos Fondos EDUSI, en relación co nivel de execución dos Fondos EDUSI
11. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
12. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
13. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.
14. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.
15. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios municipais D. Juan Luis Núñez Tourís e Dona

Elsa Pérez Fernández utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA DE DATA 24 DE XULLO DE 2024.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21) a acta da sesión anterior de data 24 de xullo de 2024.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240829&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE XULLO DE 2024: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 2 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde obras
- 1 Coñecemento declaración responsable
- 8 Expediente de Xeración de Créditos
- 1 Cambio xestión bens inmobles
- 1 Provisión de Fondos
- 5 Expediente de Transferencia de Crédito
- 1 Pago recargo AEAT 2024
- 1 Certificado dixital Recadador
- 1 Denegación licenza animais potencialmente perigosos
- 5 Concesión celebración festas ao aire libre
- 2 Arquivo expediente sancionador tráfico
- 2 Resolución sancionadora tráfico
- 1 Recurso reposición expediente sancionador tráfico
- 22 Resolución primeiras alegacións expedientes sancionadores tráfico
- 1 Resolución vehículos abandonados
- 1 Aboamento servizos prestados en horario nocturno
- 2 Dedución haberes por ausencia inxustificada do posto de traballo
- 1 Aplicación en nómina do 2% retroactivo dende xaneiro 2024
- 1 Corrección de erro aplicación en nómina do 2% retroactivo dende xaneiro 2024
- 1 Bases selección de persoal
- 1 Cambio de servizo de empregado municipal
- 1 Delegación firma Secretaria
- 1 Desestimación reclamación empregado/a municipal
- 1 Incoación procedemento en materia de persoal
- 2 Pagamento Plan de Pensións
- 8 Substitución posto de categoría superior
- 1 Nomeamento funcionaria interina
- 1 Aprobación Pregos de Cláusulas Administrativas
- 3 Estimatoria derivación responsabilidade subsidiaria
- 3 Estimatoria fallidos
- 2 Estimatoria ICIO
- 13 Estimatoria liquidacións e baixas
- 4 Estimatoria recibos
- 5 Estimatoria IBI

11 Estimatoria Rateo no IVTM
29 Estimatoria pagos duplicados
35 Estimatoria Beneficios Fiscais IVTM
4 Estimatoria IIVTNU
8 Estimatoria/desestimatoria IVTM
57 Estimatoria/desestimatoria taxas e prezos públicos
4 Aboamento prestamos bancarios
3 Recoñecemento de Obriga
4 Comisións bancarias
14 Orde de Pago facturas
74 Comunicación previa obras menores
1 Licenza de primeira ocupación
5 Declaración ineficacia comunicación previa obras
23 Licenza de obra menor
3 Licenza de segregación
13 Licenza de obra maior
3 Licenza terraza establecemento hostalería
1 Plan despliegue fibra óptica
16 Comunicación apertura establecementos
1 Cambio titularidade establecemento
1 Aprobación definitiva Estatutos Entidade Urbanística
20 Deber de conservación
6 Reposición legalidade urbanística
2 Sancionador de ruidos

TOTAL: 444

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240829&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

A seguir polo Sr. Alcalde alterase a orde do día do pleno, pasando a tratar a continuación , os asuntos que figuran cos números 6 e 8 da Orde do Día do Pleno (Participación cidadá e Moción do Grupo Político Municipal do PP para instar ao Goberno Local a que apoie a trnsición democrática en Venezuela).

6.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Está presentada a seguinte solicitude de participación cidadá:

- D. Alfredo Luis García Rodríguez, para explicar o motivo da moción e a situación que atravesamos o seu país Venezuela.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240829&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA INSTAR AO GOBERNO LOCAL A QUE APOIE A TRANSICIÓN DEMOCRÁTICA EN VENEZUELA. Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade, de data 26 de agosto de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 20 de agosto de 2024, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 29 de agosto de 2024 a seguinte MOCIÓN:

“Instar ao goberno local á que apoie a transición democrática en Venezuela”

EXPOÑEN

O pasado 28 de xullo celebráronse as eleccións presidenciais en Venezuela. Unha xornada electoral marcada, segundo referiron moitos venezolanos, pola falta de garantías que asegurasen un proceso xusto, transparente e verificable.

Sorprendentemente e, en contra dos resultados que se podían verificar nas actas de escrutinio, o Consello Nacional Electoral, controlado polo réxime, anunciou a vitoria de Nicolás Maduro cun 51,2% dos votos fronte a Edmundo González, que obtivo o 44,2%. Estes resultados supuxeron un claro intento de manipulación, xa que a día de hoxe pódese constatar que eran falsos coa publicación dun 80,35% das actas oficiais que revelaron que Edmundo González obtivo máis de 7.085.955 votos fronte aos 3.206.164 votos de Nicolás Maduro. Un resultado contundente e esmagador que mostra de forma clara a vontade do pobo venezolano de liberdade e democracia rexeitando ao chavismo e pedindo un cambio.

Numerosos países pediron as autoridades electorais venezolanas que publiquen a totalidade do conxunto das actas de escrutinio, mesa por mesa, e denunciaron o proceso cheo de irregularidades e fraude cometido polo réxime de Maduro. É aínda máis chamativo que a día de hoxe non se fixeran públicas o 100% das actas. Unhas peticións ás que tamén se suman diversas organizacións internacionais, como o Centro Carter.

Á falta de garantías, súmase a constatación de persecución e descalificación dos líderes e partidos da oposición, quen, frecuentemente, afrontan obstáculos legais e administrativos que limitan a súa capacidade de participación efectiva no proceso electoral.

Este contexto xera un escenario onde as eleccións deixan de ser unha auténtica expresión da vontade popular, converténdose nun mecanismo para perpetuar o poder do réxime de Nicolás Maduro, algo que quedou claramente á vista tras a publicación dos resultados fraudulentos por parte do Centro Nacional Electoral.

A persistencia dun réxime que socava sistematicamente a transparencia electoral e os dereitos humanos é unha traxedia non só para o país, se non para todos aqueles que creen na xustiza, a liberdade e a dignidade humana. É imperativo que as institucións redobren os seus esforzos para condenar e sancionar as prácticas antidemocráticas que caracterizan os procesos electorais baixo o réxime de Maduro.

A crise política tamén provoca un éxodo masivo de venezolanos, que foxen do país en busca de seguridade e oportunidades básicas que xa non atopan en Venezuela. A falta de liberdades fundamentais e a ausencia dunha verdadeira separación de poderes permitiron ao réxime de Maduro controlar os tres poderes do Estado, erosionando o estado de dereito e consolidando de facto, unha ditadura. Este control totalitario leva a unha degradación dos servizos públicos, unha inflación descontrolada e a unha pobreza xeralizada, sumindo ao país nun colapso social.

Ante incho, dende o Concello de Vilagarcía de Arousa non podemos pasar por alto o importante número de Venezolanos que se atopan na nosa cidade e o importante número de Vilagarcíans que emigraron a Venezuela anos atrás e que observan con asombro o declive que esta a sufrir o país.

Tralo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular SOLICITA os seguintes acordos:

1. Que o Concello de Vilagarcía de Arousa manifeste o seu apoio e solidariedade co pobo venezolano na procura dos seus obxectivos de conseguir unha transición pacífica cara á democracia en Venezuela que acabe co réxime ditatorial de Nicolás Maduro e reinstaure a xustiza, as liberdades e o Estado de dereito.
2. Que se incho ao Goberno Central a apoiar a liberdade e o respecto do voto dos venezolanos e dar comezo a un proceso de transición cara a democracia.
3. Que se incho ao Goberno Central a esixir ás autoridades venezolanas que adopten medidas para garantir á seguridade do pobo venezolano e dos políticos da oposición.
4. Que se incho ao Goberno Central a esixir ao réxime de Maduro a que cesen as violacións dos dereitos humanos, a represión contra as protestas pacíficas, as detencións arbitrarias e a intimidación aos cidadáns, poñendo fin á impunidade para os represores, levando a cabo investigacións rápidas, eficaces, imparciais e transparentes.
5. Instar ao Goberno do Estado a que lidere nas institucións da Unión Europea e no resto da comunidade internacional iniciativas para que o voto dos venezolanos sexa respectado e se comece o proceso de transición cara a democracia.

Ana Granja – Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

A persoa representante do grupo político municipal de EU informa desfavorablemente.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo grupo político municipal do PP para instar ao Goberno Local a que apoie a transición democrática en Venezuela

- Intervén D. Alfredo Luis García Rodríguez para explicar a situación que atravesamos Venezuela.

Na Sesión Plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezoito votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (9) e PP (9), e tres votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do BNG (2) e EU (1)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e:

1. Manifestar o apoio e solidariedade co pobo venezolano na procura dos seus obxectivos de conseguir unha transición pacífica cara á democracia en Venezuela que acabe co réxime ditatorial de Nicolás Maduro e reinstaure a xustiza, as liberdades e o Estado de dereito.
2. Instar ao Goberno Central a apoiar a liberdade e o respecto do voto dos venezolanos e dar comezo a un proceso de transición cara a democracia.
3. Instar ao Goberno Central a esixir ás autoridades venezolanas que adopten medidas para garantir á seguridade do pobo venezolano e dos políticos da oposición.
4. Instar ao Goberno Central a esixir ao réxime de Maduro a que cesen as violacións dos dereitos humanos, a represión contra as protestas pacíficas, as detencións arbitrarias e a intimidación aos cidadáns, poñendo fin á impunidade para os represores, levando a cabo investigacións rápidas, eficaces, imparciais e transparentes.
5. Instar ao Goberno do Estado a que lidere nas institucións da Unión Europea e no resto da comunidade internacional iniciativas para que o voto dos venezolanos sexa respectado e se comece o proceso de transición cara a democracia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240829&punto=8>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- DETERMINACIÓN, SE PROCEDE, DAS FESTAS DE CARÁCTER LOCAL PARA O ANO 2025: Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 26 de agosto de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito do Departamento Territorial de Pontevedra, Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, solicitando a remisión da proposta de festas locais para o ano 2025 aprobada polo Pleno do Concello.

Propóñense as seguintes datas para as festas locais para o ano 2025:

- Día 22 de maio, festividade de Santa Rita.
- Día 16 de agosto, festividade de San Roque.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da determinación dos días 22 de maio e 16 de agosto como festas locais para o ano 2025.

- Están ausentes no momento da votación os/as Sres./as Granja Guillán e Bayón Rolo.

Na Sesión Plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezoito votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (9), PP (7) e BNG (2), e unha abstención do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1)

ACÓRDASE: Por maioría determinar as seguintes datas para as festas locais para o ano 2025:

- Día 22 de maio, festividade de Santa Rita.
- Día 16 de agosto, festividade de San Roque.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240829&punto=3>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS (PCAP) QUE, COMO LEI DO CONTRATO, REXERÁ O PROCEDIMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN ARMONIZADA, TRAMITACIÓN ORDINARIA, MEDIANTE LICITACIÓN ELECTRÓNICA, PARA ADXUDICAR O CONTRATO DE SERVIZOS DENOMINADO “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)” DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA. Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade, de data 26 de agosto de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta de proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN PARA A INCOACIÓN DO EXPEDIENTE CO OBXECTO ADXUDICAR O CONTRATO DE SERVIZOS, SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, DENOMINADO “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA” E APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

O servizo de Axuda no Fogar, en adiante SAF, é un servizo público de carácter local consistente en ofrecer un conxunto de atencións a persoas ou unidades de convivencia, dende unha perspectiva integral e normalizadora, no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio natural. No catálogo de Servizos Sociais a axuda no fogar constitúese como un servizo ou actuación básica de carácter esencial.

É obxecto do contrato a prestación do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Vilagarcía de Arousa, dentro das competencias municipais, tendo en conta a Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, a Lei 39/2006, de 14 de decembro de Promoción de la Autonomía Persoal y Atención ás persoas en situación de dependencia e o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, a Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar e nos termos previstos no Regulamento do Servizo e nos pregos que rexerán a licitación.

De conformidade co informe emitido, con data 13 de setembro de 2023, pola Coordinadora de Servizos Sociais do Concello de Vilagarcía de Arousa, o concello non conta con medios materiais e humanos para a realización dos servizos que inclúe o contrato, que debe ser realizado por persoal especializado neste tipo de prestacións, do que esta administración carece, polo que é preciso acudir á licitación do devandito contrato de servizos.

No referido informe, emitido pola Coordinadora de Servizos Sociais, relativo á xustificación da necesidade do contrato e á insuficiencia de medios, recóllese que na actualidade se están a prestar, por este servizo, un total de 71.508 horas anuais, das cales 62.100 son laborables (56.220 horas na modalidade de Dependencia e 5.880 horas na modalidade de libre Concorrenncia ou Básica) e 9.408 festivas (modalidade Dependencia).

Prevese unha duración do contrato de dous anos, así como a posible prórroga do mesmo ata un máximo de 2 anualidades (duración máxima do contrato incluídas as posibles prórrogas: 4 anos).

O orzamento de licitación do contrato calculouse tendo en conta os custes da man de obra derivados do convenio colectivo de aplicación (II Convenio Colectivo para a actividade de axuda a domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia), así como o valor de mercado dos distintos subministros e servizos necesarios para a execución da prestación obxecto do contrato.

O orzamento de licitación ascende ao seguinte importe:

Anualidad	Sin IVA	IVA (4%)	Total (IVA inc.)
1ª Anualidad (2025)	1.770.663,74 €	70.826,55 €	1.841.490,29 €
2ª Anualidad (2026)	1.816.170,81 €	72.646,83 €	1.888.817,64 €
Total	3.586.834,55 €	143.473,38 €	3.730.307,94 €

Para o cálculo do valor estimado do contrato tívose en conta a posibilidade de prorrogar o contrato por 2 anualidades, así como a posible modificación do contrato por un importe máximo do 20% do prezo de licitación do mesmo (IVE excluído), é dicir por importe de 717.366,91 €; dita modificación pretende atender a posibilidade de aumento de horas dentro do sistema para a autonomía persoal e a atención á dependencia e/ou dentro da prestación básica do SAF.

O valor estimado do contrato ascende ao seguinte importe:

Anualidad	Importe
1ª Anualidad (2025)	1.770.663,74 €
2ª Anualidad (2026)	1.816.170,81 €
3ª Anualidad (2027) (prórroga)	1.846.732,69 €
4ª Anualidad (2028) (prórroga)	1.887.372,00 €
Modificación contrato	717.366,91 €
TOTAL	8.038.306,16 €

Á vista de que o valor estimado do contrato ascende 8.038.306,16 €, en aplicación do establecido na Disposición Adicional segunda punto 2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de

Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, en adiante LCSP, o órgano de contratación competente é o Pleno da Corporación, debendo tramitarse o expediente de contratación por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada conforme ao disposto polo artigo 22.1.c) xa que o contrato ten un valor estimado superior a 750.000,00 € e ten como obxecto os servizos sociais.

Vistos os artigos 23 e 204 da LCSP, en relación co anexo IV da LCSP, e tendo e conta que, de acordo coa disposición adicional segunda da referida Lei de Contratos do Sector Público, o valor estimado do contrato (incluídas as prórrogas e posibilidade de modificación do mesmo), excede do 10% dos recursos ordinarios do orzamento municipal, o Pleno da Corporación é o órgano competente.

O contrato comezará a executarse no ano 2025, polo que para atender las obrigas económicas que se derivan para o Concello do cumprimento do contrato, deberá consignarse no orzamento de cada un dos exercicios orzamentarios aos que se estenda o contrato, crédito suficiente para atender o mesmo. A adxudicación e formalización do contrato quedará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do mesmo.

Polo que antecede, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1.- Iniciar o expediente de contratación para contratar o SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA e que o mesmo se tramite mediante procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada e tramitación ordinaria.

Trátase dun contrato de servizos suxeito a regulación harmonizada por ter un valor estimado superior a 750.000,00€ e ter como obxecto os servizos sociais conforme ao disposto polo artigo 22.1.c) da LCSP.

2. a) Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada e tramitación ordinaria do contrato de servizos denominado “Axuda no fogar concello de Vilagarcía de Arousa”, que se licitará mediante os servizos de licitación electrónica da Plataforma de Contratación do Sector Público.

2. b) Aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas particulares (prego técnico), así como os seus anexos, que rexerán as relacións entre as partes do contrato.

2. c) Autorizar o gasto derivado deste contrato, con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes dos orzamentos municipais para os anos 2025 e 2026, debendo consignarse nos orzamentos dos citados exercicios crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas económicas derivadas do contrato.

2. d) Dispoñer da apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizado, a través dos servizos de licitación da Plataforma de Contratación do Sector Público.

O Alcalde

Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

A persoa representante do grupo político municipal de EU informa desfavorablemente.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente:

1.- Iniciar o expediente de contratación para contratar o SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA e que o mesmo se tramite mediante procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada e tramitación ordinaria.

Trátase dun contrato de servizos suxeito a regulación harmonizada por ter un valor estimado superior a 750.000,00€ e ter como obxecto os servizos sociais conforme ao disposto polo artigo 22.1.c) da LCSP.

2. a) Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada e tramitación ordinaria do contrato de servizos denominado “Axuda no fogar concello de Vilagarcía de Arousa”, que se licitará mediante os servizos de licitación electrónica da Plataforma de Contratación do Sector Público.
2. b) Aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas particulares (prego técnico), así como os seus anexos, que rexerán as relacións entre as partes do contrato.
2. c) Autorizar o gasto derivado deste contrato, con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes dos orzamentos municipais para os anos 2025 e 2026, debendo consignarse nos orzamentos dos citados exercicios crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas económicas derivadas do contrato.
2. d) Dispoñer da apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizado, a través dos servizos de licitación da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Incorporase á sesión Dona Ana M^a Granja Guillán e D. José Andrés Bayón Rolo.

Iniciado o debate, suspéndese a sesión durante dous minutos polo Alcalde, porque unha parte do público está alterando o desenvolvemento da sesión, xa que, unhas persoas están falando sen autorización. Polo Sr. Alcalde selle indica que non poden continuar nesa actitude e debe abandonar a sesión.

Unha vez que saen do Salón de Plenos continúa a sesión.

Na Sesión Plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (9) e BNG (2), e dez votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (9) e EU (1)

ACÓRDASE: Por maioría:

1.- Iniciar o expediente de contratación para contratar o **SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA** e que o mesmo se tramite mediante procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada e tramitación ordinaria.

Trátase dun contrato de servizos suxeito a regulación harmonizada por ter un valor estimado superior a 750.000,00€ e ter como obxecto os servizos sociais conforme ao disposto polo artigo 22.1.c) da LCSP.

2. a) Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada e tramitación ordinaria do contrato de servizos denominado “Axuda no fogar concello de Vilagarcía de Arousa”, que se licitará mediante os servizos de licitación electrónica da Plataforma de Contratación do Sector Público.

2. b) Aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas particulares (prego técnico), así como os seus anexos, que rexerán as relacións entre as partes do contrato.

2. c) Autorizar o gasto derivado deste contrato, con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes dos orzamentos municipais para os anos 2025 e 2026, debendo consignarse nos orzamentos dos citados exercicios crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas económicas derivadas do contrato.

2. d) Dispoñer da apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizado, a través dos servizos de licitación da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240829&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DA ALCALDÍA EN RELACIÓN CO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR PROINSA, CONTRA O ACORDO DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE 20 DE XUÑO DE 2024, SOBRE A FINALIZACIÓN DO PROCEDEMENTO DE LIQUIDACIÓN, DERIVADO DA RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE CONSTRUCCIÓN E XESTIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE ESTACIONAMENTO SUBTERRÁNEO DO PARKING XOAN XXIII. Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 26 de agosto de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta de Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR PROINSA CONTRA O ACORDO DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 20 DE XUÑO DE 2024 POLO QUE SE ACORDA A FINALIZACIÓN DO PROCEDEMENTO DE LIQUIDACIÓN DERIVADO DA RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE CONSTRUCCIÓN E XESTIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE ESTACIONAMENTO SUBTERRÁNEO DO APARCADOIRO XOAN XXIII

Visto o informe xurídico de Secretaría e Intervención seguinte:

“Antecedentes

En relación co acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada o día 20 de xuño de 2024, polo que se acorda finalizar o procedemento de liquidación derivado da resolución do contrato de concesión administrativa de construción e xestión do servizo municipal de estacionamento subterráneo do Aparcadoiro Xoan XXIII, D. Juan Manuel Lorenzo Hernando, en nome e representación de PROINSA interpón, o día 30 de xullo de 2024, recurso de reposición por considerar o citado acordo contrario a dereito e lesivo para os intereses do seu mandante, en base aos seguintes motivos que se van contestando:

Primeiro. Nulidade do acordo impugnado por xerar indefensión a PROINSA ao rexeitar de plano a práctica de todos os medios probatorios propostos.

O acordo impugnado resolve non estimar a apertura do período probatorio interesado por PROINSA e inadmite todos os medios de proba propostos. Os que subscriben reitéranse no informado no seu día, e consideran por tanto que, non procede estimar a apertura do período probatorio, tal e como se indica no acordo plenario de data 20 de xuño de 2024 e no informe emitido pola Secretaría Xeral e a Intervención municipais, baseándose no seguinte:

i. O medio de proba consistente nos documentos que se achegan xunto co escrito de alegacións do 21 de maio de 2024 (documental privada) non procede, xa que foron achegados por Proinsa e todos os documentos aos que fai referencia constan no expediente municipal que se tramita en relación con este asunto.

ii. Proba pericial. Non procede estimar a proba pericial solicitada a efectos, entre outros, de comparecer #ante o Concello o enxeñeiro civil D. Alberto Rodríguez Alonso.

Os informes técnicos emitidos a instancia do Concello e de PROINSA (informe pericial do Enxeñeiro Civil D. Alberto Rodríguez Alonso, do 1 de setembro de 2021 e as súas posteriores ampliacións do 11 de xaneiro de 2022 e 20 de marzo de 2024, constan no expediente municipal desde hai meses e nunca se solicitou ningunha aclaración respecto diso. Ademais, D. Alberto Rodríguez Alonso estivo presente no acto administrativo de entrega do aparcamento o día 25 de marzo de 2024, e non realizou ningunha manifestación.

iii. Non procede estimar a proba de designación de arquivos do Concello para constatar a data de pagamento das cantidades que considera o Concello como créditos contra a masa e a xustificación de que na súa reclamación non operou o instituto da prescrición, debido a que cando se lle notificou o acordo plenario do 20 de xuño de 2024, ademais do acordo plenario anexouse copia do informe da Recadación Municipal, en relación coa débeda, así como as correspondentes liquidacións, de data 11 de xuño de 2024.

De todos os xeitos, ha de indicarse que o Concello acordou a presentación perante o xulgado do Mercantil nº 4 de Madrid, da demanda incidental de recoñecemento de créditos contra a masa, polo que será esa instancia xudicial a que determine o importe da débeda en relación con este

asunto.

É dicir, a denegación dos medios probatorios propostos (de maneira motivada e individualizada sen que poida cualificarse como “inadmisión de plano” como fai PROINSA) non lesiona dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional, posto que o que se solicita é coñecido por PROINSA e polo Concello, respondendo esta alegación a unha mera desconformidade de PROINSA coa decisión adoptada que non entraña ningún tipo de indefensión e sen que resulte admisible o argumento alegado no recurso acerca de que a denegación da proba tivo outra finalidade diferente, a de “evitar a caducidade do procedemento”, pois non é certo dadas as específicas razóns dadas para denegar as probas solicitadas por PROINSA.

Segundo. Nulidade do acordo impugnado por trata de eludir o cumprimento dunha sentenza xudicial firme.

a) Segundo PROINSA, o Concello incumpre o mandato xudicial polo que foi condenado a indemnizar a PROINSA polo prezo das obras e instalacións executadas, que pasaron a propiedade municipal tendo en conta o estado e o tempo que restase para a súa reversión (Sentenza 23 de setembro de 2021).

Considérase polo Concello que non procede indemnización económica de ningún tipo a favor de PROINSA, nin polo tempo que resta para a finalización da concesión nin pola amortización pendente das obras executadas, pola renuncia realizada no seu día.

En relación coa liquidación do contrato sen pago ou indemnización, reproducése unha parte do informe xurídico emitido o día 16 de abril de 2024:

“(…) haberá de estarse ao establecido no Prego de Condicións que rexe a licitación e o acordo de adxudicación, os cales se consideran documentos contractuais e foron plenamente aceptados pola entidade concesionaria.

A Cláusula 51ª do PCAP, que regula as causas da finalización da concesión, establece no seu apartado 2º:

2º) Disolución ou creba da sociedade concesionaria, sen que exista dereito a indemnización

A anterior cláusula implica a renuncia á indemnización por PROINSA nos supostos de disolución ou quebra da sociedade concesionaria.

Neste caso, a aceptación de tal condición e renuncia ao dereito a indemnización debe considerarse libre e plenamente outorgada por PROINSA:

(…)

(ii) Como polo contido da proposta económica presentada por PROINSA, suscrita o 28 de maio de 2002, na que se fai constar:

importe das obras necesarias para repoñer o aparcamento á situación de bo estado de conservación e mantemento. Débese ter en conta que PROINSA obtivo, con data 27 de abril de 2021, as correspondentes autorizacións municipais para a execución das obras menores consistentes en reparación de danos interiores no aparcamento (limpeza e saneado de zonas afectadas pola auga, enlucido e posterior pintado), cun orzamento de execución material de 12.228€; e para obras menores de impermeabilización de torreóns de extracción, cun orzamento de execución material de 3.540€, ambas foron as únicas obras realizadas por PROINSA durante o período de concesión, das que se teña constancia.

7) Rexeitar a pretensión de PROINSA de que as obras que sería preciso acometer na infraestrutura para emendar os posibles danos ascendan á cantidade de 62.422,43€ (75.531,14€ IVE incluído), e ser esta a única cantidade que pode detraerse da responsabilidade patrimonial que, segundo PROINSA, debe asumir o Concello (2.772.942,89€)

8) Denegar a devolución da garantía definitiva, depositada no seu día por PROINSA, por importe de 18.030,36€, porque a resolución do contrato produciuse por unha causa imputable a PROINSA (o concurso orixínase na órbita do contratista) e porque existen responsabilidades pendentes de cumprir por PROINSA, polo que o seu importe deducirase da cantidade de 797.071,83€.

9) Denegar o pagamento de intereses da Lei 3/2004, do 29 de decembro, con efectos do 18 de febreiro de 2016, data na que se ditou o auto de apertura da fase de liquidación do concurso de acredores, debido a que, non se debe cantidade algunha polo Concello a PROINSA e porque, ademais, o contrato de concesión resolveuse por acordo plenario do 29 de febreiro de 2024 e esa é a data para ter en conta para todos os efectos.

10) Tendo en conta que o recurso de reposición interposto por PROINSA o 30 de xullo de 2024, é moi similar ás alegacións presentadas contra o acordo plenario do 25 de abril de 2024, os que subscriben consideran que deben terse en conta ademais do presente informe, os informes emitidos pola Secretaria e Interventor do concello, que constan no expediente dos acordos plenarios do 30 de novembro de 2023 (incoación do procedemento administrativo de resolución do contrato de concesión), 29 de febreiro de 2024 (resolución do contrato de concesión administrativa), acordo plenario do 25 de abril de 2024 (inicio do expediente de liquidación do contrato de concesión) e 20 de xuño de 2024 (finalización do procedemento de liquidación derivado da resolución do contrato de concesión), cos cambios e actualizacións que nos mesmos fóronse realizando.

Así como o documento no que se reflicte o día 25 de marzo de 2024, o acto administrativo de reversión e entrega do aparcamento subterráneo situado na Praza Xoán XXIII ao Concello de Vilagarcía de Arousa.”

Esta Alcaldía tendo en cuenta o informe transcrito no que antecede, propón ao Peno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1) Desestimar o recurso de reposición interposto o día 30 de xullo de 2024 pola representación de PROINSA, contra o acordo plenario do 20 de xuño de 2024, por non darse as causas de nulidade, nin de anulabilidade expostas por PROINSA, tal e como se deduce do presente informe e sen que proceda a admisión da proba polas razóns expostas.

2) Reiterar a finalización do procedemento de liquidación derivado da resolución do contrato de concesión administrativa de construción e xestión do servizo municipal de estacionamento subterráneo do Aparcadoiro Xoán XXIII.

3) Resolver e comunicar a PROINSA que non procede indemnización económica de ningún tipo, nin polo tempo que resta para a finalización da concesión, nin pola amortización pendente das obras executadas, pola renuncia realizada no seu día, polo que non procede o abono a PROINSA da cantidade de 2.772.942,89€, importe no que esa mercantil cifra a responsabilidade patrimonial do Concello.

4) Comunicar a Banco Santander que, ao non proceder indemnización a favor de PROINSA, non levará a cabo ningunha consignación económica de indemnización a favor do Banco Santander.

5) Resolver que a cantidade de 121.985,97€ (máis intereses e recargas) é o importe das débedas que PROINSA mantén co Concello e que se atopa pendente de recoñecer como crédito contra a masa, debendo ser o Xulgado do Mercantil nº 4 de Madrid o que resolva sobre o

incidente concursal que se presentará.

6) Resolver que PROINSA deberá indemnizar ao Concello na cantidade de 797.071,83€, importe das obras necesarias para repoñer o aparcamento á situación de bo estado de conservación e mantemento. Débese ter en conta que PROINSA obtivo, con data 27 de abril de 2021, as correspondentes autorizacións municipais para a execución das obras menores consistentes en reparación de danos interiores no aparcamento (limpeza e saneado de zonas afectadas pola auga, enlucido e posterior pintado), cun orzamento de execución material de 12.228€; e para obras menores de impermeabilización de torreóns de extracción, cun orzamento de execución material de 3.540€, ambas foron as únicas obras realizadas por PROINSA durante o período de concesión, das que se teña constancia.

7) Rexeitar a pretensión de PROINSA de que as obras que sería preciso acometer na infraestrutura para emendar os posibles danos ascendan á cantidade de 62.422,43€ (75.531,14€ IVE incluído), e ser esta a única cantidade que pode detraerse da responsabilidade patrimonial que, segundo PROINSA, debe asumir o Concello (2.772.942,89€)

8) Denegar a devolución da garantía definitiva, depositada no seu día por PROINSA, por importe de 18.030,36€, porque a resolución do contrato produciuse por unha causa imputable a PROINSA (o concurso orixínase na órbita do contratista) e porque existen responsabilidades pendentes de cumprir por PROINSA, polo que o seu importe deducirase da cantidade de 797.071,83€.

9) Denegar o pagamento de intereses da Lei 3/2004, do 29 de decembro, con efectos do 18 de febreiro de 2016, data na que se ditou o auto de apertura da fase de liquidación do concurso de acredores, debido a que, non se debe cantidade algunha polo Concello a PROINSA e porque, ademais, o contrato de concesión resolveuse por acordo plenario do 29 de febreiro de 2024 e esa é a data para ter en conta para todos os efectos.

O Alcalde

Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a desestimación do recurso de reposición interposto por PROINSA, contra o acordo do Pleno da Corporación Municipal de 20 de xuño de 2024, sobre a finalización do procedemento de liquidación, derivado da resolución do contrato de concesión administrativa de construción e xestión do servizo municipal de estacionamento subterráneo do Parking Xoan XXIII.

Na Sesión Plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (9), BNG (2) e EU (1), e nove abastencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (9)

ACÓRDASE: Por maioría:

1) Desestimar o recurso de reposición interposto o día 30 de xullo de 2024 pola representación de PROINSA, contra o acordo plenario do 20 de xuño de 2024, por non darse as causas de nulidade, nin de anulabilidade expostas por PROINSA, tal e como se deduce do presente informe e sen que proceda a admisión da proba polas razóns expostas.

2) Reiterar a finalización do procedemento de liquidación derivado da resolución do contrato de concesión administrativa de construción e xestión do servizo municipal de estacionamento subterráneo do Aparcadoiro Xoán XXIII.

3) Resolver e comunicar a PROINSA que non procede indemnización económica de ningún tipo, nin polo tempo que resta para a finalización da concesión, nin pola amortización pendente das obras executadas, pola renuncia realizada no seu día, polo que non procede o abono a

PROINSA da cantidade de 2.772.942,89€, importe no que esa mercantil cifra a responsabilidade patrimonial do Concello.

4) Comunicar a Banco Santander que, ao non proceder indemnización a favor de PROINSA, non levará a cabo ningunha consignación económica de indemnización a favor do Banco Santander.

5) Resolver que a cantidade de 121.985,97€ (máis intereses e recargas) é o importe das débedas que PROINSA mantén co Concello e que se atopa pendente de recoñecer como crédito contra a masa, debendo ser o Xulgado do Mercantil nº 4 de Madrid o que resolva sobre o incidente concursal que se presentará.

6) Resolver que PROINSA deberá indemnizar ao Concello na cantidade de 797.071,83€, importe das obras necesarias para repoñer o aparcamento á situación de bo estado de conservación e mantemento. Débese ter en conta que PROINSA obtivo, con data 27 de abril de 2021, as correspondentes autorizacións municipais para a execución das obras menores consistentes en reparación de danos interiores no aparcamento (limpeza e saneado de zonas afectadas pola auga, enlucido e posterior pintado), cun orzamento de execución material de 12.228€; e para obras menores de impermeabilización de torreóns de extracción, cun orzamento de execución material de 3.540€, ambas foron as únicas obras realizadas por PROINSA durante o período de concesión, das que se teña constancia.

7) Rexeitar a pretensión de PROINSA de que as obras que sería preciso acometer na infraestrutura para emendar os posibles danos ascendan á cantidade de 62.422,43€ (75.531,14€ IVE incluído), e ser esta a única cantidade que pode detraerse da responsabilidade patrimonial que, segundo PROINSA, debe asumir o Concello (2.772.942,89€)

8) Denegar a devolución da garantía definitiva, depositada no seu día por PROINSA, por importe de 18.030,36€, porque a resolución do contrato produciuse por unha causa imputable a PROINSA (o concurso orixínase na órbita do contratista) e porque existen responsabilidades pendentes de cumprir por PROINSA, polo que o seu importe deducirase da cantidade de 797.071,83€.

9) Denegar o pagamento de intereses da Lei 3/2004, do 29 de decembro, con efectos do 18 de febreiro de 2016, data na que se ditou o auto de apertura da fase de liquidación do concurso de acredores, debido a que, non se debe cantidade algunha polo Concello a PROINSA e porque, ademais, o contrato de concesión resolveuse por acordo plenario do 29 de febreiro de 2024 e esa é a data para ter en conta para todos os efectos.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240829&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, EN RELACIÓN COA SUBIDA DO CANON DE SOGAMA E POR UN NOVO MODELO DE XESTIÓN DE RESIDUOS.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 26 de agosto de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 31 de xullo de 2024, do seguinte teor:

MOCIÓN PARA O REXEITAMENTO DA SUBIDA DO CANON DE SOGAMA E POR UN NOVO MODELO DE XESTIÓN DE RESIDUOS

Don Francisco Xabier Rodríguez Paz, Portavoz do Grupo Municipal do BNG no Concello de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate no Pleno da corporación municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros e a incineración e co-incineración de residuos, artículase como un tributo de carácter indirecto que recae sobre os residuos que se tratan mediante estas operacións de xestión, e xa está vixente en varias Comunidades

Autónomas desde hai anos.

Configúrase como imposto estatal aplicable en todo o Estado español, estando prevista a cesión do mesmo ás Comunidades Autónomas mediante a adopción dos correspondentes acordos nos marcos institucionais de cooperación en materia de financiamento autonómico establecidos no ordenamento xurídico.

Así mesmo, a cesión da recadación deste imposto, pode permitir ás Comunidades Autónomas, - no exercicio da súa autonomía financeira-, incrementar o financiamento destinado a mellora da xestión de residuos que reforcen as opcións prioritarias fronte ás menos sostibles.

A través da Lei 36/2022, do 27 de decembro, pola que se modificou a Lei do Réxime de Cesión de Tributos do Estado a Galiza, materializouse a cesión do referido Imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e co-incineración de residuos. Como consecuencia, na Galiza ten-se previsto ingresar en 2024 a cantidade de 12.150.039 de euros.

Conforme ao establecido no punto 1 do artigo 59 da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de Orzamentos Xerais Galegos para o ano 2024, a porcentaxe de participación do Fondo de Cooperación Local na recadación líquida dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da administración xeral, quedou establecida no 2,3200880% para o exercicio de 2024, sumando un total de 152.278.957 de euros.

A Comunidade Autónoma de Galiza detraeu desta participación dos concellos galegos, entre outros, 12,1 millóns de euros para a creación do Fondo Ambiental, que supostamente é a achega que realiza a Xunta de Galicia para minorar o canon por incineración e vertedoiro. Mais a realidade é que esta achega é realizada polos propios concellos ao ser detraída do seu sistema de financiamento.

Este ano produciuse unha situación excepcional, derivada de que a Consellería de Medio Ambiente non determinou nos orzamentos de 2024 o prezo por Tm a aboar polas entidades locais, e non publicou a resolución anual pola que se aproba a proposta de revisión do canon unitario que percibirá SOGAMA pola xestión de residuos domésticos ou urbanos no ano 2024. Agora, xa máis de mediado o ano 2024, SOGAMA propón fixar un canon medio de 78 euros por tonelada (68,05 euros de xaneiro a xuño e 88,05 euros de xullo a decembro).

SOGAMA, a través dun escrito remitido á Fegamp, e nunha información elevada a todos os concellos, anunciou que a Xunta de Galiza achegará 9 millóns de euros a través do Fondo de Cooperación Local adicional, co fin de minimizar o impacto da medida sobre as entidades locais, polo que o canon final sería de 66€/Tm de media anual.

A Fegamp, como entidade asociativa máis representativa das entidades locais, formulou alegacións manifestando a súa oposición á suba do canon.

Resulta paradoxal que, sendo o Goberno do PP no seu día o que preveu, coa creación de SOGAMA, unha xerarquización nas opcións de tratamento dos residuos, que preferiu optar pola incineración con recuperación de enerxía e non incluíndo o tratamento da compostaxe (que se considerou coma unha forma de valoración alternativa a pesar da oposición de moitas entidades locais), sexa agora o que se beneficie dos ingresos do imposto que penaliza esta opción.

O modelo de SOGAMA é obsoleto, centralizado e antiecolóxico, como demostra o feito de que Galiza se sitúe á cola en reciclaxe, lonxe aínda dos criterios que marca Europa, pois a porcentaxe de reciclaxe en SOGAMA no 2020 foi do 21%, cando a UE marcaba case o 50%. Somos a segunda peor comunidade do Estado en cifras de reciclaxe, xa que o propio plan da Xunta prorrogado até 2022, establecía a necesidade de tratar mediante compostaxe 245.000 Tm cando a cifra oficial de 2022 apunta a que só se chegou ás 3.000.

Para evitar esas perniciosas consecuencias para o Concello, O Grupo Municipal do BNG propón ao resto da corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galiza a:

a) O reparto entre todos os concellos galegos dos 12.100.000 de euros do Fondo Adicional. Utilizando como criterio de reparto o do número de Tm depositadas por cada concello. Pois trátase de diñeiro que pertence ás entidades locais ao seren detraídas do FCL.

b) A achega total da cantidade recadada en concepto de imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a co-incineración de residuos, pola que se orzamentaron inicialmente 12.150.039 de euros, para implementar bonificacións no Canon dos concellos, e así, deste xeito, cumprir os obxectivos marcados coa creación deste tributo.

c) A creación dunha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e

Fa-cenda e a FEGAMP, para determinar as condicións do Canon para o ano 2025 -antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano- e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galiza, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon aínda que non incorpo-re o quinto contedor con lector; e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria, ou financiando modelos de xestión alternativos nos que se debe primar o tratamento de proximidade dos biorresiduos, con sistemas de compostaxe domiciliaria e comunitaria.

En Vilagarcía, a 31 de xullo de 2024

Asdo. Francisco Xabier Rodríguez Paz

Portavoz do Grupo Municipal do BNG

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, PP e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG en relación coa subida do canon de SOGAMA e por un novo modelo de xestión de residuos.

Na Sesión Plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (9), BNG (2) e EU (1), e nove votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (9)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e:

1. Instar á Xunta de Galiza a:

a) O reparto entre todos os concellos galegos dos 12.100.000 de euros do Fondo Adicional. Utilizán-do como criterio de reparto o do número de Tm depositadas por cada concello. Pois trátase de di-ñeiro que pertence ás entidades locais ao seren detraídas do FCL.

b) A achega total da cantidade recadada en concepto de imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a co-incineración de residuos, pola que se orzamentaron inicialmente 12.150.039 de euros, para implementar bonificacións no Canon dos concellos, e así, deste xeito, cumprir os obxectivos marcados coa creación deste tributo.

c) A creación dunha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Fa-cenda e a FEGAMP, para determinar as condicións do Canon para o ano 2025 -antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano- e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galiza, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon aínda que non incorpo-re o quinto contedor con lector; e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria, ou financiando modelos de xestión alternativos nos que se debe primar o tratamento de proximidade dos biorresiduos, con sistemas de compostaxe domiciliaria e comunitaria.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240829&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU DE OPOSICIÓN Á CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA FASE DO FERROCARRIL DE ACCESO AO PORTO.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 26 de agosto de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de EU coa data de 28 de agosto de 2024, do seguinte teor:

O Voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida, EU, ao amparo do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e no seu caso, aprobación por parte do pleno da seguinte Moción en base á seguinte Exposición de Motivos

Ven de cumprirse un lustro dende a inauguración da liña de tren de mercadorías que une a estación de Vilagarcía co porto, esta infraestrutura que foi moi vendida como unha oportunidade histórica para a economía de Vilagarcía hoxe é un absoluto fracaso, con apenas un puñado de viaxes, a modo de exhibición, que non se repiten dende o ano 2020.

Debemos recordar que nesta absurda obra, téñense dilapidado máis de 100 millóns de euros dos contribuíntes, para algo innecesario, fracasado e contraproducente para o futuro de Vilagarcía.

Recentemente o porto de Vilagarcía, ven de anunciar o inicio da licitación da última fase, é dicir pretende continuar malgastando cartos públicos no altar dunha obra innecesaria, que ademais supón unha navallada ao entramado urbano de Vilagarcía que, de facto, xa recuperou eses espazos para o uso público, lúdico e social, que suporía ademais, un risco coa nova construción do centro de saúde ao carón destas vías.

Polo que por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal de EU, propón a adopción do seguinte Acordo:

Primeiro: O Concello de Vilagarcía oponse á construción dunha nova fase do ferrocarril de acceso ao porto.

Segundo: O Concello de Vilagarcía solicita dos nosos representantes no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía que se opoñan á licitación desta obra dentro das súas competencias como membros do mesmo.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais de EU e BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal de EU de oposición á construción dunha nova fase do ferrocarril de acceso ao Porto.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con tres votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do BNG (2) e EU (1) e dezaoto votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (9) e PP (9)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal de EU en relación coa construción dunha nova fase do ferrocarril de acceso ao Porto.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240829&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP DE COMPARECENCIA DE DONA PAOLA MARÍA MOCHALES, EN CALIDADE DE CONCELLEIRA DE URBANISMO E MOBILIDADE E PRESIDENTA DO COMITÉ DE

SEGUIMIENTO DOS FONDOS EDUSI, EN RELACIÓN CO NIVEL DE EXECUCIÓN DOS FONDOS EDUSI.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 26 de agosto de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da solicitude do grupo municipal do PP de comparecencia da Concelleira Delegada de urbanismo e Mobilidade e presidenta do Comité de seguimento dos fondos EDUSI, presentada coa data de 20 de agosto de 2024, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 29 de agosto de 2024 a seguinte MOCIÓN:

“Comparecencia da Concelleira Delegada de Urbanismo e Mobilidade e presidenta do Comité de seguimento dos fondos EDUSI”

EXPOÑEN

O Concello de Vilagarcía de Arousa no marco Estrategias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante el Programa Operativo FEDER de Crecimiento Sustentable 2014-2020, efectuada por Orden HAP/2427/2015, de 13 de novembro recibiu o importe de 5 millóns de euros co plan estratéxico “Vilagarcía Avanza”.

Pese ao longo tempo transcorrido dende a concesión dos fondos, este grupo municipal, dentro das obrigas de fiscalización que ten da actuación do goberno e do dereito dos Vilagarciáns a coñecer con detalle a xestión dos fondos públicos, solicita a comparecencia da Concelleira de Urbanismo e Mobilidade e, o que neste caso interesa, presidenta do comité de seguimento dos fondos EDUSI.

O pasado 31 de decembro de 2023 era a data fixada para facer os últimos pagos de obras e servizos que foran a ser financiados.

Unha das preocupacións de este grupo municipal é coñecer o nivel de execución dos fondos EDUSI e que vai suceder coas obras que estaban previsto que fosen financiadas cos fondos europeos e non se finalizaron o ano 2023. Ditos datos foron solicitados por escrito e nas quendas de rogos e preguntas en varias ocasións por este grupo municipal sen embargo, o non se recibiu resposta ou esta non contestou a todos os puntos plantexados.

Tampouco é menor coñecer si cumprimos os obxectivos que guiaron as actuacións con cargo a ditos fondos, que en palabras do propio Plan Estratéxico, “representa la oportunidad de concretar un modelo de futuro para nuestra Ciudad, un marco de referencia que permita aprovechar oportunidades, las sinergias y complementariedades, fortalecer nuestras ventajas comparativas y, en definitiva, dar a conocer el camino que debe recorrer Vilagarcía de Arousa hacia el futuro”.

Por elo, o Grupo Municipal do Partido Popular solicita á Concelleira delegada de Urbanismo e Mobilidade que na súa comparecencia dé unha explicación, entre outras cuestións, dos seguintes aspectos:

- 1.- ¿Nivel de execución dos fondos EDUSI a 31/12/2023? ¿Qué importe foi certificado e pagado a data 31/12/2023?
- 2.- A reparación do pavillón de Fontecarmoa esta financiada en 230.149,39€ con cargo aos fondos EDUSI ¿Vanse perder eses cartos?
- 3.- A reforma dos vestiarios da piscina municipal estivo financiada, inicialmente, con 413.956,49€ dos fondos EDUSI, ¿Vanse perder eses cartos?
- 4.- A mellora de accesibilidade do Centro de formación de Matosinhos, inicialmente, contaba con 174.014,80€ de financiación dos fondos EDUSI, ¿En qué data rematou a obra?, ¿Vánse perder eses cartos?
- 5.- A reforma da Praza de Abastos de Vilaxoán conta con 92.160,00€ de financiación dos fondos EDUSI, ¿En qué data rematou a obra? ¿Vánse perder eses fondos europeos?
- 6.- Uns dos proxectos que se defendía con maior intensidade o goberno local era a rede de ciclovías, sen embargo, non se executaron a fase II-B e a Fase III ¿Ten previsto o Concello levar a cabo as fases que non executou? ¿Ían ser financiadas cos fondos EDUSI?.
- 7.- Outra das liñas de actuación era “Recuperación de equipamientos públicos en desuso/abandono” contemplando actuacións no Balneario, no Hórreo da Xunqueira ou no

pavillón de Bamio, ¿Porqué non se executou esta liña e se deixou perder a oportunidade de ter fondos para a súa recuperación?

8.- O PMUS foi elaborado pero non aprobou polo pleno ¿Pódese perder a financiación dos EDUSI para esa actuación?

9.- En caso que estas actuacións non vaian a ser financiadas cos fondos europeos, ¿Vai ser o Concello con fondos propios o que teña que asumir ese importe?¿Cómo afectará estos aos vilagarcíans?

10.- ¿A ausencia de execución da totalidade dos fondos é debido a xestión do goberno municipal? ¿Qué explicación ten?

Ana Granja Guillán

Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, EU e BNG informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a solicitude do grupo político municipal do PP de comparecencia de Dona Paola María Mochales, en calidade de Concelleira de Urbanismo e Mobilidade e presidenta do Comité de seguimento dos Fondos EDUSI, en relación co nivel de execución dos Fondos EDUSI. Unha vez aprobada polo Pleno a comparecencia citada, o Alcalde incluírá o asunto na Orde do Día da próxima Sesión Plenaria.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a comparecencia de Dona Paola María Mochales, en calidade de Concelleira de Urbanismo e Mobilidade e presidenta do Comité de seguimento dos Fondos EDUSI, en relación co nivel de execución dos Fondos EDUSI. O Alcalde deberá incluír este asunto na orde do día da próxima sesión plenaria.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240829&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240829&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240829&punto=12>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- RESPONSA DOS/AS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as respóndense ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240829&punto=13>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240829&punto=14>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN. Por parte do público asistente non se fórmulan rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240829&punto=15>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:10, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.